



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ensinanzas
especiais e adultos



ensinanzas
de conservación
e restauración de
bens culturais

PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

PROBA DE MADUREZA	PROBA ESPECÍFICA
<p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que non posúan os requisitos académicos esixidos con carácter xeral (título de bacharelato ou equivalente a efectos académicos, ou ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos), e teñan cumpridos 19 anos no ano de realización da mesma.</p> <p>A proba versará sobre as materia comúns ás diferentes modalidades de bacharelato:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lingua estranxeira: Inglés ou Francés. - Lingua castelá e literatura. - Lingua galega e literatura. - Filosofía e cidadanía ou Historia da filosofía. - Ciencias para o mundo contemporáneo ou Historia de España. 	<p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que posúan os requisitos académicos esixidos con carácter xeral (bacharelato ou título declarado equivalente).</p> <p>Os títulos declarados equivalentes aos efectos do acceso, así como os requisitos para as exencións desta proba específica, son os establecidos pola <i>Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ás ditas ensinanzas</i> (DOG do 11 de outubro)</p> <p>A proba constará de tres exercicios:</p> <p><u>Exercicio 1: madureza e formación.</u></p> <p>Análise dun texto, relacionado cos bens culturais, nun tempo máximo de 90 minutos, e terá como obxecto apreciar a madureza e formación xeral do/a aspirante no referente á comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de síntese e relación.</p> <p><u>Exercicio 2: coñecementos específicos:</u></p> <p>Versará sobre as materias do bacharelato:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Historia de España. - Historia da arte. - Física e química. - Bioloxía. <p>Destas catro materias escolleranse dúas, e desenvolveranse por escrito dúas das catro cuestións que sexan propostas en cada unha. Tempo máximo:120 minutos.</p>

Exercicio 3: aptitude plástica.

Constará das seguintes partes:

- a) Realización dun debuxo do natural, de enfoque mimético, con modelo real, exento e inanimado. Valorarase a fidelidade na representación, a calidade do grafismo e a precisión e acabado do traballo.
- b) Realización dun traballo sobre representación de cor. Considerarase a correcta utilización das técnicas empregadas e o grao de comprensión dos valores e calidades de cor.
- c) Realización dun traballo práctico para a valoración das aptitudes específicas que requiren os estudos de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Considerarase a habilidade manual, a meticulosidade e a pulcritude na realización do traballo. Este exercicio ten por obxecto apreciar as aptitudes dos/as aspirantes, tanto plásticas como específicas, para a conservación e a restauración.